

ACTA DA COMISIÓN DE CALIDADE DO DÍA 11 DE OUTUBRO DE 2012

Acta da Comisión de Calidade que tivo lugar o día 11 de Outubro de 2012 ás 10:00 horas no Seminario 2, en 2ª convocatoria, coa asistencia dos membros abaixo indicados[1] e coa seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

- 1) Informe do presidente.
- 2) Aprobación, se procede, da acta anterior.
- 3) Informe dos Auto-informes de Seguimento Anual 2011-12 dos seguintes Títulos impartidos na Facultade:
 - a) Grao en Educación Infantil
 - b) Grao en Educación Primaria
 - c) Grao en CC da Actividade Física e do Deporte (CCAFD)
 - d) Mestrado Universitario En Investigación En Actividade Física, Deporte E Saúde
 - e) Mestrado Universitario En Necesidades Específicas De Apoio Educativo
 - f) Mestrado Universitario En Profesorado De Educación Secundaria Obligatoria, Bachillerato, Formación Profesional Y Enseñanza De Idiomas. Especialidad: Ciencias Experimentales. Educación Física.
- 4) Informe dos seguintes Procedementos do Sistema de Garantía de Calidade (SGIC)
 - a) Informe de Resultados Anuais de Centro: Facultade de Ciencias da Educación e Do Deporte de Pontevedra (Curso Académico 2010-11 y 2011-12 (pendente de pechar a Revisión do Sistema de Queixas, Suxestións e Incidencias (IT01-PM01)
 - b) Sistema de Queixas, Suxestións e Incidencias 2012-13 (IT02-PC04)
 - c) Sistema de Xestión de Evidencias 2012-13 (IT01-PA01)
 - d) Política e Obxectivos de Calidade 2012-13 (IT03-PE01)
 - e) Perfil de Ingreso e Egreso (IT02-PC03)
 - f) Plan de Promoción y Captación 2012-13 (IT04-PC03)
 - g) Plan de Acción Titorial 2012-13
- 5) Revisión dos avances nas Medidas de Coordinación Horizontal e Vertical nos Títulos, Medidas.
- 6) Revisión do procedemento a seguir no caso de non recepción de guías docentes.
- 7) Rogos e preguntas.

Comeza a sesión ás 10:00, seguindo a orde do día.



1. O presidente da Comisión Jorge Viaño, desculpa a ausencia dalgúns membros (que se relacionan a pé de páxina).
2. Apróbase a acta anterior.
3. Infórmase sobre o estado de elaboración dos auto-informes de seguimento e analízanse os resultados acadados en cada titulacións en diferentes criterios: taxas, satisfacción, etc.
4. –
 - a. Jorge Viaño informa da necesidade da elaboración do Informe de Resultados Anuais, xa sexa previo posteriormetne á elaboración dos Auto-informes de Seguimento, como procedemento que facilita a elaboración das acción de mellora.

ACTA DA COMISIÓN DE CALIDADE DO DÍA 11 DE OUTUBRO DE 2012

- b. Tamén se presentan os borradores do Sistema de Queixas, Suxestións e Incidencias para que os membros da Comisión poidan facer as achegas para a súa posterior aprobación na vindeira reunión da comisión.
 - c. Preséntase o Sistema de Xestión de Evidencias 2012-13, que se virtualizou en google drive para unha mellor consulta por parte de tódolos membros da Comisión.
 - d. Preséntase unha proposta de modificación de Política e Obxectivos de Calidade para a súa revisión por parte de tódolos grupos de interese e fagan as achegas para a súa posterior aprobación na vindeira reunión da comisión.
 - e. Preséntase o actual perfil de Ingreso e Egreso para que os grupos para a súa revisión por parte de tódolos grupos de interese e fagan as achegas para a súa posterior aprobación na vindeira reunión da comisión.
 - f. Preséntase o Pla de Promoción e Captación 2012-13 para que os grupos para a súa revisión por parte de tódolos grupos de interese e fagan as achegas para a súa posterior aprobación na vindeira reunión da comisión.
 - g. Ídem en relación o PAT 2012-13.
5. Recórdase ós Coordinadores de Titulación e Curso a necesidade de manter activas as medidas de coordinación horizontal e vertical activadas ao principio do curso 2011-12 e rógase os coordinadores que acheguen as evidencias das accións feitas ata a data.
 6. Establécese que se elaborará un informe as guías docentes entregadas e non entregadas, así como o cumprimento ou non dos apartados básicos establecidos. Nas Xuntas de Facultade onde se leven para a súa aprobación leerase en alto as materias das que non se aproban as guías docentes, instando ao profesorado a envialas o máis axiña posible para aprobar na seguinte Xunta.
 7. O representante de alumnado Carlos Lago Fuentes roga que se estudie a necesidade de modificar o título e, como medida inicial, poderíase crear un grupo de estudo de análise do título que inicie o traballo. Jorge Viaño recolle a suxestión comprometéndose a levala a estudio ao equipo decanal, quen estudará o plan a seguir e órganos de goberno implicados.

Remata a sesión ás 10:45 a.m.

En Pontevedra, a 11 de outubro de 2012.

 	Vº e prace, o Presidente da Comisión
O Secretario: Carlos Lago	Asdo.: Jorge Viaño